

## **SOBRE A PARTICIPACIÓN DO GMG NO MULTICONGRESO DE MICOLOGÍA 2017 (POTES, ESPAÑA)**

por

E. SAHUQUILLO BALBUENA<sup>1</sup>, A. PRUNELL<sup>2</sup> & J.A. DÍAZ NÚÑEZ<sup>3</sup>

Do 28 de outubro ó 4 de novembro de 2017 tivo lugar en Potes (Asturias) o “Multicongreso de Micología 2017”, que incluía catro congresos simultaneamente:

“XXV Jornadas Micológicas de la Confederación Europea de Micología Mediterránea”,

“IX Encuentro del Arco Atlántico”,

“IV Encuentro de Hongos Hipogeos Ibero-Insular”,

“XXXV Jornadas Europeas de *Cortinarius*”.

O interese que espertaba a zona onde se celebrou, na contorna dos Picos de Europa [Fig. 1], facíao especialmente interesante, polo que a participación foi elevada, arredor de 300 especialistas nacionais e internacionais, entre os que nos atopabamos, como representantes do GMG: Elvira, Prunell e Machiño [Fig. 2]. A organización foi impecable, mais a ausencia de precipitación durante o outono, mais seco do normal, provocou que a diversidade fúnxica atopada fose baixa, aínda que os especialistas nos fungos hipoxeos quedaron moi satisfechos dos resultados obtidos. O catálogo do material recollido e revisado será publicado nunha monografía sobre a comarca da Liébana, prevista para finais do 2018.

---

Membros do Grupo Micológico Galego Luís Freire. <sup>1</sup>e-mail: [elvira@udc.es](mailto:elvira@udc.es); <sup>2</sup>e-mail: [antonioprunell@gmail.com](mailto:antonioprunell@gmail.com); <sup>3</sup>e-mail: [diaznunezmach@gmail.com](mailto:diaznunezmach@gmail.com)



Fig. 1. Paisaxe na contorna dos Picos de Europa.



Fig. 2. Participantes do “Multicongreso de Micología 2017”.

Nas xornadas realizáronse excursións para prospeccionar distintos hábitats e impartíronse interesantes ponencias. Sen ánimo de ser exhaustivos, o enfoque dominante foi o taxonómico. Nestas charlas revisáronse distintos grupos comparando as clasificacións históricas, baseadas nas análises morfolóxico-anatómica e ecolóxica dos espécimes, ata a actualidade, cos cambios que supón a integración da información molecular na diferenciación das especies e no establecemento das súas relacións filoxenéticas. Neste senso, cómpre salientar a conferencia de Pierre Arthur Moreau sobre o xénero *Morchella*, na que presentou os resultados de aplicar unha taxonomía integradora (26 especies foron caracterizadas para Europa); a de Boris Asimow sobre *Boletales*, coa nova separación de subxéneros; a de Luis Alberto Parra sobre *Agaricus*, cunha revisión completa da situación actual neste xénero e a diferenciación de novas especies e finalmente a de Efrén Cazares Gonzales sobre *Ramaria*, centrado nas especies norteamericanas. Especial mención merece tamén a conferencia de



Fig. 3. Vista panorámica desde o Mirador del Oso.



Juan Carlos Zamora pola súa revisión das metodoloxías taxonómicas (tradicional e molecular) utilizando como exemplo o xénero *Geastrum*. Na súa conferencia salientou a necesidade de ser prudentes cando se empregan poucos xenes na definición de especies, así como a importancia de integrar toda a información existente á hora de describir novos taxons.

Outro enfoque presente no congreso foi o estudo da diversidade fúnxica en determinadas áreas xeográficas. A este respecto, foron especialmente interesantes as dúas ponencias dedicadas a Tasmania de Genevieve Gates, cunhas sorprendentes fotografías que puñan de manifesto a espectacular variedade de cores e as incríbles formas que presentan os fungos que existen alí. Tamén houbo espazo para analizar a diversidade fúnxica nas Illas Mediterráneas, como a ponencia de Michael Loizites quen analizou o efecto do cambio climático sobre esta diversidade, ou a de Frank Richard cun estudo sobre o efecto do lume sobre a diversidade fúnxica na Illa de Corcega. Tamén foi destacable o relatório de James Martín Trappe cun percorrido pola historia da recollida da trufa.



Fig. 4. *Pseudoclitocybe cyathiformis*

Por último, os mixomicetes tiveron un especial espazo neste congreso onde se rendeu homenaxe a Fernando Bellido Bermejo coa presentación do seu libro póstumo sobre os mixomicetes, para iso os organizadores elaboraron unha proxección cunha selección das súas impactantes fotografías, acompañada de música. Tamén como homenaxe, Gabriel Moreno presentou un traballo en colaboración con Fernando Bellido no que se describen catro novas especies, dúas para a Península Ibérica e dúas para México.

Durante o multicongreso realizáronse excursións todos os días, como é habitual nestas reunións. Tras as saídas diarias revisábase o material recollido e seleccionábanse os exemplares mais significativos para a súa exposición. En total ofrecéronse 36 saídas (6 por día de conferencia), coas que se tentou cubrir os diferentes hábitats da comarca. En xeral, revisáronse pasteiros (niveis subalpino e alpino), bosques de faia (*Fagus sylvatica*) e de ribeira (con salgueiros, freixos e chopos), reboleiras (*Quercus pyrenaica*), abeledos (*Corylus avellana*), aciñais (*Quercus ilex*) e piñeirais de *P. uncinata* e *P. sylvestris*. Cubríronse tamén as matogueiras asociadas ás praderías do subalpino, con



Fig. 5. *Vascellum pratensis*

xenebreiro rastreiro (*Juniperus communis* subsp. *alpina*) e piornos (*Cytisus* e *Genista* sp. pl.). A descrición de cada unha das excursións ofertadas consistiu na indicación da distancia á zona de prospección, o itinerario *in situ* (pendente, tempo e orientación), a altitude, a vexetación, a xeoloxía e o clima, de xeito que os participantes poderían escoller segundo os seus intereses particulares [Fig. 3].

Dada a seca existente realizamos a nosa selección escollendo as zonas onde podría existir maior humidade. En xeral, decidímonos polos bosques de caducifolios, como os faiais do Mirador de la Cabezuela (con carballo, abeleira, acivro e algún rebolo); a abeleda de Camaleño, moi rica en hipoxeos e onde podemos observar en directo o traballo dos cans (algo moi chamativo); tamén visitamos bosques aciculifolios como o piñeiral de *Pinus uncinata* do Puerto de San Glorio e as praderías subalpinas circundantes; ademais tamen prospectamos os pasteiros do Refugio de Aliva (1 666 m) e visitamos, con todos os participantes, o piñeiral de *P. pinaster* do P.N. das dunas de Liencre. Como resultado destas excursións, e tras a revisión dos exemplares recollidos, realizamos as seguintes aportacións ó coñecemento da diversidade fúnxica da Comarca da Liébana.

No Mirador da Cruz de La Cabezuela: *Pseudoclitocybe cyathiformis* (Bull.:Fr.) Singer [Fig. 4], *Paxillus involutus* (Batsch: Fr.) Fr. e *Ganoderma applanatum* (Pers.) Pat. [*G. lipsiense* (Batsch) G.F. Atk.].

No Puerto de San Glorio: *Hygrophoropsis auriantica* (Wulfen: Fr.) Maire, *Deconica crobula* (Fr.) Romagn. [*Psilocybe crobula* (Fr.) Singer], *Bovista plumbea* Pers.:Pers., *Vascellum pratensis* (Pers.:Pers.) Kreisel [Fig. 5], *Tubaria hiemalis* Romagn. ex Bon. e *Marasmius oreades* (Bolton: Fr.) Fr.

No piñeiral do P.N. das dunas de Liencre: *Amanita vittadinii* (Moretti) Vittad., *Lycoperdum echinatum* Pers.:Pers., *Entoloma mougeotii* (Fr.) Hesler, *Hynellum ferrugineum* (Fr.:Fr.) P. Karst., *Scleroderma citrinum* Pers., *Mycena seynii* Quél., *Clitocybe gibba*

(Pers.:Fr.) P. Kumm, *Gomphidius roseus* (Nees:Fr.) Fr.

No bosque de Camaleño, rico en hipoxeos, observamos representantes do xénero *Genea* e *Plicaturopsis crispa* (Pers.:Fr.) D.A. Reid.

Por último, para redondear a nosa participación no multicongreso asistimos á asemblea da CEMM en representación do Grupo Micolóxico Galego e hai que dicir que a nosa presenza foi acollida con gran satisfacción pola Xunta Directiva. E tras tantas emocións e actividade algún terminou esgotado... [Fig. 6]



Fig. 6. Participante esgotado.